



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Latín e literatura grecolatina

Materia	Latín e literatura grecolatina			
Código	V01G400V01403			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Ledo Lemos, Francisco José			
Profesorado	Ledo Lemos, Francisco José			
Correo-e	ledolemos@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introdución á cultura grecolatina xeral			

## Competencias

Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
CG6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
CG9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
CE4	Coñecemento básico da lingua latina e a súa cultura.
CE5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT5	Capacidade de xerar novas ideas.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Traducir, sen axuda do dicionario, textos latinos medievais e textos latinos clásicos ou renacentistas de dificultade baixa e media-baixa, e, coa axuda do dicionario e instrumentos gramaticais, textos latinos clásicos de dificultade media e alta.	CB1	CG5	CE4	CT2
	CB2	CG9	CE5	CT8
	CB5			CT10
Recoñecer e comentar a estrutura sintáctica dun texto en latín e as súas peculiaridades fonéticas, morfolóxicas ou léxicas.	CB1	CG5	CE4	CT2
	CB2	CG6	CE5	CT8
	CB5	CG9		CT10
				CT11

Percibir a continuidade e a innovación respecto á lingua orixinaria que presentan as linguas romances nos diferentes aspectos do léxico, a fonética e a gramática.	CB1 CB2 CB5	CG5 CG6 CG9	CE4 CE5	CT5 CT8 CT10 CT11
Situar no seu contexto cronolóxico e cultural os principais autores e obras das literaturas grecolatinas.	CB1 CB2 CB5	CG5 CG6 CG9	CE4	CT2 CT5 CT11 CT12

## Contidos

Tema	
Lingüística	O contexto histórico do latín. A gramática Latina: fonética, morfoloxía, sintaxe. Vocabulario. Tradución de textos.
Historia da literatura Grecolatina	Homero e as orixes da literatura Grega. A Época Arcaica Grega: Lírica, Iambo e Elexía. A Época Clásica Grega. O Helenismo. As orixes da literatura latina. A comedia latina: Plauto e Terencio. O final da República. A época de Augusto. Literatura latina do principado. A literatura grega de época imperial. Pagáns e cristianos na fin da antigüidade clásica.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	17	0	17
Resolución de problemas de forma autónoma	0	102	102
Seminario	17	0	17
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	0	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicacións teóricas estruturadas, a cargo do profesor, dirixidas ó conxunto dos alumnos. Os alumnos poden plantexar preguntas ou suxestións.
Resolución de problemas de forma autónoma	Estudar materiais didácticos. Ler obras literarias. Ler bibliografía especializada. Facer traducións. Facer consultas ó profesor. Buscar materiais nunha biblioteca. Buscar materiais en Internet.  O traballo persoal dos alumnos, tanto presenciais como semipresenciais, ten como complemento e guía unha páxina en "Moovi". Nela, os alumnos poden encontrar o seguinte:  1) Material teórico e práctico para estudar e practicar todos os aspectos tratados nas clases: 1a - Apuntamentos teóricos e cadros sobre todas as cuestións gramaticais. 1b - Vocabularios e exercicios para facer por escrito. 1c - Exercicios para facer no ordenador.  2) Cuestionarios de autoevaluación.  3) Unha "bitácora" na que se irá indicando, semana a semana, qué se explicou e traballou nas clases, qué se recomenda estudar, ler e practicar para esa semana, e qué material (con hipervínculos ós contidos da bitácora) se debe utilizar.
Seminario	Posta en común das lecturas ou das traducións. O alumnado deberá participar activamente, presentando as conclusións do seu traballo e discutindo as dos compañeiros.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Os alumnos recibirán indicacións concretas e personalizadas do profesor respecto ás súas intervencións.
Probos	Descrición

Resolución de problemas e/ou exercicios	Cada alumno recibirá un informe sobre os resultados, con indicación dos aspectos que debe mellorar.
Exame de preguntas de desenvolvemento	Cada alumno recibirá un informe sobre os resultados, con indicación dos aspectos que debe mellorar.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Seminario	Os exercicios sobre lingua ou literatura realizados e recollidos (traducións, comentarios[]).	20	CB1 CB2 CG5 CG6 CG9 CE4 CE5 CT5 CT8 CT11 CT12
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas clases prácticas pasaranse "tests" das lecturas e dos coñecementos gramaticais	30	CB1 CB2 CB5 CG5 CG9 CE4 CE5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Tradución e comentario (lingüístico e histórico) de textos latinos. Recoñecemento e contextualización (dentro da obra á que pertence, e con respecto ó autor e época literaria) de fragmentos de obras literarias grecolatinas (en tradución ó galego ou castelán).	50	CG5 CG6 CG9 CE4 CE5 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá unha proba de conxunto da materia, tanto en maio-xuño como en xullo, nas datas que recolla o calendario oficial da facultade. Esta proba constará de diferentes partes, de xeito que servirá tanto para os alumnos (sexan presenciais ou semipresenciais) que desexen examinarse de toda a materia en proba única, como para aqueles que, mediante avaliación continua, teñan xa superada algunha ou algunhas das partes da materia.

Os alumnos semipresenciais, en caso de non poder asistir a ningunha das clases prácticas nas que se efectuarán probas parciais, poden ser avaliados exclusivamente sobre esta proba de conxunto. No caso de que algún alumno semipresencial poida realizar algunhas das probas parciais, estas poden ser tidas en conta proporcionalmente para a nota final.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Ørberg, Hans H., **Lingua Latina: Familia Romana**,

#### Bibliografía Complementaria

Ørberg, Hans H., **Lingua Latina: Roma Aeterna**,

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Historia e historiografía da lingua española/V01G400V01911

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Retórica e poética/V01G400V01402

### Outros comentarios

Os alumnos "Erasmus" que queiran cursar esta materia, deben ter un nivel de comprensión e expresión equivalente ó dun nativo culto (C2), polo menos nunha das linguas vehiculares (sexa o galego, sexa o castelán).

### Plan de Continxencias

#### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

As leccións maxistras e os seminarios, en caso de non poder ser presenciais realizaranse, na medida do posible, por video

conferencia, e se complementarán mediante leccións gravadas e apuntamentos dispoñibles en Moovi.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

As probas consistentes en "exame de preguntas de desenvolvemento" serán substituídas por "exames de preguntas obxectivas" que se realizarán en Moovi.

Os exercicios que se deberían presentar nos seminarios ou facer como probas nas clases, serán enviados por correo electrónico ou por outro medio virtual ó profesor.

---